



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE MERCEDARIA DE VERÍN PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS INMOBLES NECESARIOS PARA A RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DO CONVENTO DOS PADRES MERCEDARIOS, VERÍN (OURENSE)

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Comunidade Mercedaria de Verín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a data de finalización das obras obxecto do mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo, e a Comunidade Mercedaria de Verín para **a posta a disposición dos inmobles necesarios para a execución das actuacións de restauración do retablo maior da igrexa do convento dos Padres Mercedarios, Verín (Ourense).**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Dentro das liñas de actuación en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural sinaladas no seu programa de obxectivos, a citada consellería realizará as actuacións oportunas para a execución das obras para asegurar a conservación do retablo maior barroco que presenta un deterioro que non asegura a súa conservación, principalmente porque o repinte da obra está a ocultar o ataque de xilófagos ademais de que ao incorporarse madeiras novas enmascaran outros danos estruturais que son incompatibles coa súa conservación. As actuacións necesarias centraranse en corrixir as patoloxías máis graves, mellorando así o seu estado de conservación. Os traballos necesarios para a restauración consisten na revisión e actualización dos estudos que se atopan no proxecto para executar as seguintes tarefas: estudos históricos e artísticos; estudos lumínicos e/ou radiográficos, análises de policromías; elaboración de mapas do estado de conservación; limpeza da superficie; desinsectación curativo-preventiva; consolidación do soporte; fixación de estratos policromos; eliminación de repinte e limpeza da policromía; axustes volumétricos; reintegración cromática e aplicación de protección final.

Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as actuacións previstas para o retablo maior da igrexa do convento dos Padres Mercedarios de Verín, van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

